



CAMPIONATO TERRITORIAL

SEGUNDA DIVISIÓN CADETE MASCULINA

FÓRMULA E DATAS DE COMPETICIÓN

Esta competición desenvolverase en tres fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

1ª Fase: Os vinte e cinco (25) equipos participantes distribuiranse en dúas zonas, Norte e Sur. En cada zona dous grupos; na Zona Norte dous grupos de cinco equipos cada un e na Zona Sur un grupo de sete equipos e outro grupo de oito. Xogarase polo sistema de liga, baixo a fórmula de todos contra todos a dobre volta dentro de cada grupo.

Clasifican para a 2ª Fase ou Fase Intermedia os equipos clasificados en primeiro e segundo lugar de cada un dos catro grupos da Primeira Fase.

2ª Fase ou Fase Intermedia: Os equipos clasificados formarán dous grupos, un na Zona Norte e outro na Zona Sur, de catro (4) equipos, en función da clasificación obtida na 1ª Fase da Competición.

Na Zona Norte xogarase polo sistema de liga, baixo a fórmula de todos contra todos a dobre volta. Clasifican para a 3ª Fase ou Fase Final os equipos clasificados en primeiro e segundo lugar da Segunda Fase ou Fase Intermedia.

Na Zona Sur xogarase polo sistema de eliminatoria a dobre partido seguindo o calendario que se adxunta as presentes Bases. Clasifican para a 3ª Fase ou Fase Final os dous equipos vencedores de cada unha das eliminatorias.

3ª Fase ou Fase Final: A disputarán catro equipos (os dous primeiros clasificados da Zona Norte e os vencedores das eliminatorias da 2ª Fase ou Fase Intermedia da Zona Sur), baixo a fórmula de todos contra todos a unha soa volta (tipo sector), durante un fin de semana.

A Federación Galega de Balonmán determinará a entidade organizadora da 3ª Fase ou Fase Final.

DATAS DE CELEBRACIÓN

A 1ª Fase desenvolverase entre os días 6 de outubro de 2018 e 20 de xaneiro de 2019 nos grupos da Zona Norte e entre os días 6 de outubro e 17 de febreiro de 2019 nos grupos da Zona Sur.



A 2ª Fase ou Fase Intermedia desenvolverase entre os días 3 de febreiro e 10 de marzo de 2019 na Zona Norte e entre os días 24 de febreiro e 3 de marzo de 2019 na Zona Sur.

A 3ª Fase ou Fase Final desenvolverase os días 22, 23 e 24 de marzo de 2019.

PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN DE DIVISIÓN DE HONRA DA TEMPADA 2018/2019

No mes de setembro de 2019, todos os equipos inscritos, nos prazos previstos pola F.G.Bm., porán participar nunha Fase Previa para disputar a Competición de División de Honra (Play Off de Ascenso).

O Play Off se disputara nun fin de semana, polo sistema concentración (tipo sector). Serán sedes organizadoras, se así o solicitan, os equipos clasificados nas competicións da tempada 2018/19 nos seguintes postos: Campión de 2ª División Cadete Masculina; 7º, 8º, 9º clasificados de División de Honra; 2º clasificado de 2ª División Cadete Masculina e 10º clasificado de División de Honra.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Estas Normas específicas do Campionato Territorial de Segunda División Cadete Masculina complementanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia - , en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas Bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.

O equipo organizador da 2ª Fase ou Fase Final do Campionato Territorial correrá cos gastos dos dereitos de arbitraje, de aloxamento en réxime de pensión completa e de desprazamento dos árbitros e delegado federativo.



CAMPIONATO TERRITORIAL DE SEGUNDA DIVISIÓN CADETE MASCULINA

SEGUNDA FASE OU FASE INTERMEDIA

ZONA NORTE

1ª XORNADA (03.02.19)

1º Clasificado Grupo 1

1º Clasificado Grupo 2

4ª XORNADA (24.02.19)

2º Clasificado Grupo 2

2º Clasificado Grupo 2

2ª XORNADA (10.02.19)

2º Clasificado Grupo 1

1º Clasificado Grupo 2

5ª XORNADA (03.03.19)

1º Clasificado Grupo 1

2º Clasificado Grupo 2

3ª XORNADA (17.02.19)

1º Clasificado Grupo 1

2º Clasificado Grupo 2

6ª XORNADA (10.03.19)

1º Clasificado Grupo 2

2º Clasificado Grupo 1

ZONA SUR

ELIMINATORIA

IDA (24.02.19)

(1) 2º Clasificado Grupo 3

(2) 2º Clasificado Grupo 4

VOLTA (03.03.19)

1º Clasificado Grupo 4

1º Clasificado Grupo 3



CAMPIONATO TERRITORIAL DE SEGUNDA DIVISIÓN CADETE MASCULINA

TERCEIRA FASE OU FASE FINAL

1ª XORNADA (22.03.19)

2º Clasificado Zona Norte	-	Vencedor Eliminatória 1 Zona Sur
1º Clasificado Zona Sur	-	Vencedor Eliminatória 2 Zona Sur

2ª XORNADA (23.03.19)

2º Clasificado Zona Sur	-	1º Clasificado Zona Sur
Vencedor Eliminatória 1 Zona Sur	-	Vencedor Eliminatória 2 Zona Sur

3ª XORNADA (08.04.18)

1º Clasificado Zona Sur	-	Vencedor Eliminatória 1 Zona Sur
2º Clasificado Zona Norte	-	Vencedor Eliminatória 2 Zona Sur